

## **ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 4 DE XULLO DE 2019**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o catro de xullo de dous mil dezanove, reúnese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DONA CRISTINA FRANCO PARDO  
DON MARIO ROUCO REY  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO  
DON JESÚS TRASTOY CAMBA  
DON ALBERTO DÍAZ DÍAZ

Dá fe do acto o Secretario accidental do Concello don José Orosa González.

Sendo as trece trinta horas pola Presidencia declarase aberta a sesión.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Alcalde pregunta se hai algunha alegación á acta da anterior sesión, non hai intervencións, polo que se somete a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acordan aprobar a acta de 15 de xuño de 2019.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO**

O Sr. Alcalde-Presidente dá lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

“

Segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local, en relación co 21.1 da Lei 5/1987, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, son sesións ordinarias aquelas que teñen unha periodicidade preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do Pleno da Corporación, adoptado en sesión extraordinaria que convocará o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión de constitución da Corporación.

De acordo co disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local, o Plenos nos Concellos de menos de 5.000 habitantes realizará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses; por outra banda o artigo 21.2 a) da Lei de Administración Local de Galicia, fixa con carácter xeral este periode en dous meses.



Tendo en conta o sinalado, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

O Pleno da corporación do Concello de Muras realizará sesións ordinarias o último mércores de cada mes par ás 20.00 horas. No caso de cadrar en día non laborable, a sesión realizarase o día hábil anterior a mesma hora.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda aprobar a proposta de Alcaldía.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“O artigo 20 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, en relación co artigo 59 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigos 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, establecen a posibilidade de comisións de estudo, informe o consulta de asuntos que han de ser sometidos a decisión do Pleno, así como, o seguimento da xestión dos órganos de goberno.

As comisións informativas poden ser permanentes ou especiais.

As primeiras constitúense con carácter xeral e o seu número e denominación así como calquera modificación, decidiránse por acordo do Pleno.

As comisións informativas especiais son as que acorde constituí-lo Pleno para un asunto concreto considerando as súas características especiais.


A comisión especial de contas existirá en tódolos concellos, segundo establecen os artigos 20.1.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, artigo 59.2.c) da Lei de Administración Local de Galicia e artigo 127 do ROF.

A creación de órganos complementarios terá en conta as regras establecidas no artigo 59.3 da mencionada Lei 5/1997 e artigo 125 do ROF. A adscrición concreta a cada comisión dos membros da corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizaráse polo seu portavoz en escrito dirixido á Alcaldía.

Tendo en conta o sinalado, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Crear os seguintes órganos complementarios da organización municipal:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL E ASUNTOS XERAIS.



Para o estudo, informe e consulta de asuntos que require o Alcalde-Presidente ou que precisen de aprobación plenaria.

Composición: esta comisión estará constituída por 5 membros: Alcalde-Presidente ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá, 1 membro do BNG, 2 membros do PP e 1 membro do grupo mixto.

A convocatoria das sesións sera acordada no día e hora que establezca o Alcalde-Presidente da corporación, e no caso se asuntos que requiran ditame previo á aprobación do Pleno da Corporación municipal, con anterioridade a súa celebración.

#### - COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Tratará os asuntos relativos as contas municipais segundo o establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Lei 7/1985 de 2 de abril e Lei 5/1999, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Composición: esta comisión estará constituída por 5 membros: Alcalde-Presidente ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá, 1 membro do BNG, 2 membros do PP e 1 membro do grupo mixto.

A convocatoria das sesións sera acordada no día e hora que establezca o Alcalde-Presidente da corporación, e no caso se asuntos que requiran ditame previo á aprobación do Pleno da Corporación municipal, con anterioridade a súa celebración.

#### - COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Para permitir a participación da poboación censada no municipio na consulta e se é preceptivo na decisión de asuntos que lles afecte.

Composición: esta comisión estará constituída por 5 membros: Alcalde-Presidente ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá, 1 membro do BNG, 2 membros do PP e 1 membro do grupo mixto. Esta comisión rexerese por un Regulamento de participación cidadá pendente de aprobación polo Pleno do Concello.

A convocatoria das sesións sera acordada no día e hora que establezca o Alcalde-Presidente da corporación ou establezca o Regulamento de participación cidadá aprobado polo Pleno da Corporación Municipal

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres abstencións, estas dos membros do PP.



#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

No artigo 75.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo da dedicación efectiva a elas, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación as cotas empresariais que correspondan.

A percepción de tales retribucións estará suxeita ó réximen de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.


Os orzamentos xerais do Estado determinarán anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das coporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

O artigo 18 do Real Decreto-lei 24/2018 do 21 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes en material de retribucións no ámbito do sector public, regula o límite máximo que poden percibir os corporativos en concellos de poboación inferior a 1.000 habitantes.

Tendo en conta que os cargos de 1º Teniente de Alcalde e 2º Teniente de Alcalde deste Concello requiren dunha dedicación parcial para atender das súas funcións de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizos, coa exclusion da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A partir desta data os cargos de Alcalde, 1º Teniente de Alcalde e 2º Teniente de Alcalde desempeñaranse en réximen de dedicación parcial para conseguir unha xestión eficaz e eficiente nos obxectivos prioritarios deste goberno, que non son outros que acadar o benestar da nosa poboación e promocionar, axudar e desenvolver a economía local, facendo fincapé no sector agrogandeiro, ca finalidade de asentar e aumentar a poboación no noso Concello e evitar o éxodo as cidades.

**SEGUNDO.-** Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réximen de dedicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano e outras dous restantes correspondentes ás mensuralidades de xuño e decembro, con dereito a un mes de vacacións anuais e darlles de alta no



Réximen Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresarias correspondentes:

- Cargo de Alcalde-Presidente, cunha dedicación parcial do 75% da xornada , percibirá una retribución anual bruta de 31.839,20€
- 1º Teniente de Alcalde, cunha dedicación parcial do 25%, percibirá unha retribución bruta anual de 15.920,13€
- 2º Teniente de Alcalde, cunha dedicación parcial do 50%, percibirá unha retribución bruta anual de 23.348,55€

Todo elo sen perxuízo das modificacións que poidan acordarse polo Pleno da Corporación no devandito periodo.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres en contra, estes dos membros do PP.

#### **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RETRIBUCIÓN POR ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“No artigo 75.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local establece que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva as sesións de órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

Tendo en conta a necesidade de actualizar estas asistencias e a situación da organización municipal, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A partir da data, a contía a percibir polos membros da corporación que teñen dereito a estas, por asistencia a órganos colexiados dos que formen parte, serán as seguintes:

- a) Asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Voceiros, Mesas de Contratación, e outros órganos colexiados dos que formen parte, 50,00€ por sesión
- b) Asistencia a sesións de comisións informativas de Asuntos Xerais ou Comisión Especial de Contas, 50,00€ por sesión.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”



Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres abstencións, estas dos membros do PP.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INDEMNIZACIÓNS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“

O artigo 75.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local establece que os membros da Corporación percibirán indemnización polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que no seu desenvolvemento aprrobe o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que os gastos que se ocasionan con motivo da xestión municipal son variados e os valores reais que se poden producir, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A partir desta data a contía a percibir como axudas de custo polos membros da Corporación que teñan que desprazarse fora do Concello para xestións municipais, cursos ou xornadas, serán as seguintes:

- Axuda de custo completa (inclúe gastos de manutención e aloxamento por día): dentro da Comunidade Autónoma, 100,00€; fora da Comunidade Autónoma, 130,00€

- Axuda de custo manutención (inclúe gastos de comida ou cea por día): dentro da Comunidade Autónoma, 50,00€; fora da Comunidade Autónoma, 80,00€

**SEGUNDO.-** Os gastos de desprazamento aboaranse de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

**TERCEIRO.-** O resto de axudas ás que teñen dereito os concelleiros e as xustificacións de axudas de custo e gastos de viaxe por uso de vehículo faranse de conformidade co establecido no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres abstencións, estas dos membros do PP.

## **7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS.**





O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“O artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local establece que o Pleno da Corporación con cargo aos orzamentos anuais poderá asignar ós grupos políticos municipais unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que se establezcan na Lei de Orzamentos do Estado.

Constituídos os grupos municipais e visto o establecido no Orzamento do ano 2019, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Establecer, a partir da constitución desta Corporación, como asignación para os grupos políticos a contía de 1.000,00€ por grupo e 100,00€ por cada concelleiro que forme parte do grupo.

**SEGUNDO.-** O importe da asignación é de carácter anual.

**TERCEIRO.-** A axuda é de carácter finalista, polo que só poderá destinarse a gastos propios do desempeño dos cargos de concelleiros (material de oficina, imprenta, comunicacións, etc..., excluindo gastos de persoal). Os grupos gardarán e xustificarán o importe destas axudas ante a secretaria-intervención para súa fiscalización.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres abstencións, estas dos membros do PP.

## **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, sinala que entre os asuntos a tratar na sesión extraordinaria a convocar pola Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, se resolva o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Nomear representante do Concello no Consello Escolar do CEIP de Muras á concelleira dona Cristina Franco Pardo.



SEGUNDO.- Nos demais casos, a representación será ostentada pola Alcaldía, podendo en calquera momento proceder á delegación da mesma.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

A maiores o Sr. Alcalde indica que o representante no GDR era don Mario Rouco Rey, seguirá tendo esa representación.

Sometida a proposta a votación, apróbase con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PSdG-PSOE, e tres abstencións, estas dos membros do PP.

### **9.- DAR CONTA AO PLENO DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta da constitución de grupos políticos que no seu literal di:

“Visto que con data 17.06.2019 (NRE 2019-E-RC-994) se comunicou por don Mario Rouco Rey, en nome e representación do Partido Socialista de Galicia, Partido Socialista Obrero Español (PSdG, PSOE) a súa constitución como Grupo Político e visto o informe de Secretaría de data 30.06.2019 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

DENOMINACIÓN DO GRUPO: PSdG-PSOE, pasando a formar parte do Grupo Mixto

COMPOSICIÓN: don Mario Rouco Rey

PORTAVOZ: don Mario Rouco Rey

Visto que con data 17.06.2019 (NRE 2019-E-RC-1010) se comunicou por don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a súa constitución como Grupo Político e visto o informe de Secretaría de data 30.06.2019 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.


DENOMINACIÓN DO GRUPO: BNG

COMPOSICIÓN: don Manuel Requeijo Arnejo, dona Belén Chao Ramil, dona Cristina Franco Pardo

PORTAVOZ: 1º. Don Manuel Requeijo Arnejo; 2º dona Belén Chao Ramil; 3º dona Cristina Franco Pardo.

Visto que con data 19.06.2019 (NRE 2019-E-RC-1016) se comunicou por dona Maria Eugenia Requeijo Chao, en nome e representación do Partido Popular (PP) a súa constitución como Grupo Político e visto o informe de Secretaría de data 30.06.2019 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

DENOMINACIÓN DO GRUPO: PP





COMPOSICIÓN: dona Maria Eugenia Requeijo Chao, don Alberto Díaz Diaz, don Jesús Trastoy Camba

PORTAVOZ: 1º dona Maria Eugenia Requeijo Chao; 2º don Alberto Díaz Diaz

Por todo iso,

DISPOÑO

Que se inclúa na orde do día do Pleno Extraordinario que se celebrará o día 8 de agosto de 2019 un punto específico para dar conta da constitución dos Grupos Políticos do PSdG-PSOE, BNG e PP.”

#### **10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE:**

**-NOMEAMENTO TENENTES ALCALDE**

**- OUTORGAMENTO DELEGACIÓN DE FUNCIÓN DA ALCALDÍA.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar conta do decreto 2019-0274 que pasa a ler e no seu literal di:

“O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das entidades locais dispón que ás delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde-presidente se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das Resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réximen local.

O artigo 45 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispón que as delegacións que se pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal structure os servizos do Concello.

O Concello de Muras non dispón de Regulamento orgánico, polo que en uso das facultades de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 31.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, a falta de Regulamento orgánico municipal, crear as áreas nas que se estruturará o goberno local.

No uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local,

RESOLVO



PRIMEIRO.- Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que corresponden cas seguintes actividades:

### 1. AREA DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E IGUALDADE

Correspóndelle a esta area a xestión de programas dos servizos sociais municipais, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, atención á terceira idade, axuda no fogar, muller, familia e igualdade, voluntariado e seguemento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras.

### 2. AREA DE CULTURA, ENSINO E PATRIMONIO

No eido da Cultura e do Ensino correspóndelle a xestión das políticas municipais de cultura, lingua e ensino: programación de actividades culturais de todo tipo, infraestructuras culturais, programas de educación complementaria.

En materia de Patrimonio, correspóndelle a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal, patrimonio histórico, adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas.

### 3. AREA DE MEDIO RURAL, MEDIO AMBIENTE , NOVAS TECNOLOXIAS E DEPORTE

No eido do medio rural correspóndelle a recuperación do agro como valor engadido para a cidade potenciando a integración administrativa e social do agro na vida do concello e a posta en valor do rural como fronte de riqueza, así como a reinversión do concello no mundo rural para axeitar os servizos ós estándares urbanos.

Correspóndelle o asesoramento á poboación rural e intermedia fronte a empresas e administración e a posta en valor dos elementos arquitectónicos e naturais do rural e a promoción entre a poboación urbana e os turistas: cruceiros, sendas verdes, etc.

No eido de Medio Ambiente, correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente: sensibilización e fomento da conciencia medioambiental, políticas transversais de sostibilidade ambiental, planificación de espazos públicos e redifinición dos espazos públicos existentes; e os expedientes administrativos relacionados con este área.

No eido das novas tecnoloxías, correspóndelle a xestión das políticas municipais tendentes á súa implantación completa ás esixencias das novas leis de procedemento e achega aos veciños, as plataformas de tramitación electrónica, a sede electrónica municipal, impulso do uso da administración electrónica e implementación das TIC de xeito transversal.



No eido do deporte, ocupación do tempo libre e xuventude, correspóndelle a xestión das políticas municipais de programación de actividades e infraestruturas deportivas de ocio e para a mocidade, participación xuvenil, planificación e promoción da ocupación do tempo libre da xuventude.

#### 4. AREA DE PRESIDENCIA, PROMOCIÓN ECONÓMICA, OBRAS E URBANISMO, VIVENDA, PERSOAL, FACENDA E MOBILIDADE E SERVIZOS MUNICIPAIS

No eido do desenvolvemento económico, correspóndelle a esta área a xestión de plans de formación doutras administracións públicas, programas de cooperación en materia de emprego doutras administracións, a xestión das políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, as políticas municipais en materia de industria, turismo e promoción dos valores turísticos do Concello, a fixación dos obxectivos para a promoción de actividades económicas do Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas.

No eido das Infraestruturas, correspóndelle a esta área o seguemento da execución dos diferentes plans de obras, xa sexan autonómicos ou provinciais, e dos plans de investimentos nas parroquias do Concello, incluída a mobilidade e seguridade viaria da rede municipal.

Esta área comprende, no eido do Urbanismo, a xestión urbanística; a execución de planeamento; expropiacións por razóns de urbanismo, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, licenzas urbanísticas de todo tipo, comunicacións previas, licenzas para o exercicio de actividades e comunicacións previas de actividade, expedientes de disciplina urbanística.

En materia de Participación Veciñal, correspóndelle a política de información ao cidadá.

No eido dos Servizos Municipais, correspóndelle a esta área, o mantemento dos servizos básicos municipais de iluminación pública, abastecemento de auga e saneamento, acometidas, recollida de residuos sólidos urbanos. Inclúese o mantemento e conservación de vías públicas

No eido das obras públicas, correspóndelle a esta área o seguemento das obras públicas municipais, dos investimentos en conservación de edificios e equipamentos públicos, mesmo planificación dos pequenos investimentos nas materias indicadas; tamén no eido dos equipamentos públicos, as competencias municipais en materia de praias, cemiterios, parques e xardíns e parque empresarial. Tamén correspóndenlle as competencias en materia de limpeza viaria, roces, e limpeza de edificios públicos.

No eido de Réxime interior e Persoal, a xestión dos recursos humanos do Concello, os aspectos relativos á organización do Concello, métodos de traballo e instrucións



correspondentes, agás as relacións cos representantes dos empregados públicos e Mesa xeral de negociación.

No eido da seguridade, correspóndelle a xestión da seguridade cidadá.

Correspóndelle a área de Presidencia a coordinación das diferentes áreas municipais.

En concreto intégranse na área de Presidencia, no eido de Persoal, as relacións cos representantes dos empregados públicos e a presidencia da Mesa xeral de negociación, oferta de emprego público.

No eido do Urbanismo, conserva esta área as competencias en materia de planeamento relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, incluída a súa redacción.

En materia de Contratación, esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do Concello.

No eido da Transparencia, correspóndelle a actualización dos datos contidos no Portal de Transparencia do Concello de Muras e da páxina web municipal.

En materia de Facenda, ocuparase esta área, en materia de gastos, da xestión orzamentaria do concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da Administración; en materia de ingresos, recursos económicos do concello, xestión tributaria e de recadacion, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e estadística

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.


SEGUNDO.-Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscripción a unha área determinada dunha concreta materia.

TERCEIRO.- Delegar na concelleira, dona Belén Chao Ramil a Área de Benestar Social, Muller e Igualdade.

CUARTO.- Delegar na concelleira, dona Cristina Franco Pardo a Área de Educación, Cultura e Patrimonio.

QUINTO.- Delegar no concelleiro don Mario Rouco Rey, a Área de Medio Rural e Medio Ambiente, Novas Tecnoloxías e Deporte.

SEXTO.- A Área de Presidencia, Promoción Económica, Obras e Urbanismo, Vivenda, Persoal, Facenda e Mobilidade e Srvizos Municipais é asumida polo Alcalde-Presidente do Concello de Muras, don Manuel Requeijo Arnejo.



SÉTIMO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

OITAVO.- A presente resolución será efectiva dende o 1 de xullo de 2019.

NOVENO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Prosegue o Sr. Alcalde indicando que vai dar conta da Resolución 2019-0267 de nomeamento de Tenentes de Alcalde, que no seu literal di:

“Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e logo de proceder o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local.

Visto que corresponde ó alcalde designar libremente aos tenentes de alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

Vistos os artigos artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Nomear como Tenentes de Alcalde do Concello de Muras aos seguintes Concelleiros:

- 1º Teniente Alcalde: dona Belén Chao Ramíl
- 2º Teniente Alcalde: don Mario Rouco Rey

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.



**SEGUNDO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Segue o Sr. Alcalde indicando que este Pleno é extraordinario, non ten rogos e preguntas, pero non sabe se alguén quere indicar algo, se Eugenia quere comentar algo ao respecto.

Toma a palabra dona Eugenia Requeijo para dicir que logo de facer por riba as sumas das distintas adicacións parciais sáenlle en números redondos uns 69.000 euros, un pouco excesivo, segundo o programa que entregastes nas casas onde se falaba do soldo do alcalde anterior, pasando a ler varios párrafos dese programa, e concluindo que parece moi excesivo ese gasto.

Contesta o Sr. Alcalde dicindo que esas anotacións non pertencen ao programa, que no noso programa van propostas, iso é de 2011, as cousas hai que contextualizalas, pola mañá busquei as adicacións desa lexislatura, entendo que cando se fai un traballo ten que estar remunerado, en distintas actas dese ano 2011 están aprobadas 3 adicacións que se as sumamos son 100.000 euros, na pasada lexislatura este equipo de goberno aprobou 3 adicacións, o Alcalde renuncia a parte da súa xornada e vén a cobrar aquí menos do que cobraba, o de que cobra 2.500 euros, hai que informarse, non se pode vir a mentir, as miñas nóminas son públicas e están colgadas na web do Concello, non se axustan a estas cantidades e pódese comprobar. Na lexislatura axustámonos á lei, o que está fóra de toda dúbida é que traballamos para dar un cambio. Non se poden contar mentiras, o Pleno debe ser un lugar ía dicir sagrado.

Prosegue dándolle a palabra a don Mario Rouco, este indica que se comeza mal, só se pensa no que se cobra, o importante é impulsar a participación e deixar de andar falando polos bares. Lévese xa catro anos con cousas como a axuda da luz, as bonificacións do IBI, as axudas a estudantes e moitas outras cousas, todo isto supón un aforro medio en catro anos duns 3.000 euros para as familias. Desta vez pasamos o exame, e polo tanto estamos aquí, en palabras de Feijoo no Concello estase as 24 horas. Pero mañá no xornal de todo isto só sairá o tema dos soldos.

Logo xorde un pequeno debate sobre a asignación dos grupos municipais, o xeito de cobro e as condicións das mesmas

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar a coñecer unha resolución da Consellería de Medio Rural sobre o monte Gañidoira, onde declara extinguido o consorcio forestal do Monte Gañidoira, polo que as parcelas pasa a propiedade plena dos veciños





O Sr. Presidente levantou a sesión as catorce horas a doce minutos, da que se estende a presente acta que asina comigo, de todo o que, como Secretario Accidental, dou fe.

